



O FALLO DARASE A COÑECER NA GALA DAS LETRAS, ONDE O CPXG RECIBIRÁ O PREMIO AELG 2015 INSTITUCIÓN

Alberto Ramos, Blanca-Ana Roig Rechou, Carme Vidal e Montse Dopico, candidatos ao Premio de Xornalismo Cultural

[06/04/2015] Alberto Ramos, Blanca-Ana Roig Rechou, Carme Vidal e Montse Dopico son os catro candidatos que optan este ano ao premio de Xornalismo Cultural organizado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) e o Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Os colexiados poderán votar a un dos candidatos a través da intranet, abonda con introducir o nome de usuario e o contrasinal e escoller o candidato. As votacións poderán realizarse ata o mércores 6 de maio ás 19:00 horas.

O Premio de Xornalismo Cultural 2015 reconece o labor xornalístico que no eido cultural teñan desenvolvido os finalistas durante 2014.

Gala das Letras

O recuento dos votos recibidos polos colexiados/as e dos socios e socias da Aelg farase ante notario e o fallo darase a coñecer na Gala das Letras, que terá lugar o sábado 9 de maio no Círculo das Artes de Lugo.

Nesta gala, o CPXG recibirá tamén o Premio AELG 2015 'Institucións', compartido coa Asociación de Medios en Galego, pola defensa do uso do galego nos medios de comunicación nun momento de "especial dificultade" para este idioma.

CPXG

